# Declaración de interese para NOVOS títulos de MÁSTER que se implanten no curso 2024/2025

Normativa reguladora máis relevante: RD 822/2021 polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, modificado polo RD 861/2010; Decreto 222/2011 polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia modificado polo Decreto 161/2015, Orde do 20 de marzo de 2012 pola que se desenvolve o Decreto 222/2011 e Acordo do Consello de Goberno do 31 de outubro de 2022.

| | |
|---|---|
| Denominación do título de MÁSTER proposto | MÁSTER UNIVERSITARIO EN CIENCIA DO EXERCICIO, PREPARACIÓN FÍSICA E READAPTACIÓN DEPORTIVA |
| Centro de impartición na UVIGO | Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte |
| Data da xunta de centro na que se aproba a proposta | 23 de novembro de 2022 |
| Persoa de contacto no centro | Nome: Vicente Romo Pérez |
| | Email: vicente@uvigo.es |
| | Teléfono: 686552616 |
| É a proposta un título de Máster ligado a competencias profesionais reguladas? | X Non |
| | ☐ Si, indicar profesión regulada: |
| Cumpre os requisitos xerais establecidos no artigo 4 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais? | ☐ Non |
| | ☒ Si<br>Indicar cales: Cumpre con todos os requisitos establecidos no artigo 4 do Decreto 22/2011, e polo tanto:<br>1.- Este máster ten en conta a estrutura económica da Comunidade Autónoma, as necesidades do seu mercado laboral e a existencia dunha demanda real por parte da sociedade e dos/as estudantes, procurando a incorporación de perfís profesionais de futuro e vinculados aos sectores estratéxicos de Galicia.<br>2.- Este máster ten un carácter esencial ou estratéxico para dar resposta ás necesidades formativas e científicas do Sistema Universitario de Galicia.<br>3.- Este máster acredita a súa viabilidade económica, atendendo aos recursos dispoñibles.<br>4.- Este máster fomenta o espírito emprendedor e o autoemprego.<br>5.- Este máster ten en conta cuestións de oportunidade, innovación docente e investigadora así como a súa incardinación en redes internacionais de calidade e coherencia cos plans estratéxicos das universidades.<br>6.- Este máster incluirá unha descrición dos mecanismos que permitan, de ser o caso, unha revisión da titulación de se produciren cambios significativos na demanda por parte da sociedade, dos/as estudantes e do ámbito económico e profesional.<br>7. Este máster non coincide con obxectivos e contidos doutros títulos oficiais existentes na mesma |

Código seguro de Verificación : GEN-d22e-fd4f-a6e9-b60a-2bc6-557b-f6fc-1bee | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

CSV : GEN-d22e-fd4f-a6e9-b60a-2bc6-557b-f6fc-1bee
Url validación : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : OSCAR GARCIA GARCIA | FECHA : 23/11/2022 13:43 | Sin acción específica | Sello de Tiempo: 23/11/2022 13:43

| | |
|---|---|
| | universidade, a fin evitar a multiplicidade de títulos. Entenderase que existe duplicidade cando haxa unha coincidencia de materias impartidas superior ao cincuenta por cento dos seus créditos.<br>8.- Este máster xustificará o encadramento da proposta dentro da oferta global galega, a fin de garantir o equilibrio nos diferentes campus, e potenciar a súa singularidade dentro do Sistema Universitario de Galicia. |
| Cumpre os requisitos específicos para títulos de máster recollidos no artigo 5 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais? | ☐ Non |
| | ☒ Si<br>Indicar cales: cumple os seguintes requisitos específicos:<br>- É interuniversitario.<br>- Ten unha orientación laboral e práctica.<br>- Ten garantidas as prácticas do estudantado, e dispón de apoio e colaboración de empresas e institucións do ámbito socioeconómico.<br>- Ten planificada axeitadamente a especialización, cunha relación directa co grao completado previamente polo alumno/a.<br>- Incorporará especialidades que se corresponden co seu ámbito de coñecemento científico e profesional:<br>- Exercicio e rendemento físico-deportivo.<br>- Exercicio e readaptación deportiva saudable.<br>- Ten unha conexión directa co Grao en Ciencias da Actividade física e do Deporte. |
| É unha proposta de carácter interuniversitario? | ☐ Non |
| | X Si, indicar universidades participantes, con indicación expresa da universidade coordinadora:<br>Universidade de Vigo (Coordinadora)<br>Universidade de A Coruña. |
| Departamentos que poderían participar na docencia (indicar relación) | Departamento de Didácticas Especiais |
| Incluír unha proposta de composición da comisión redactora da memoria (indicar expresamente os membros da comisión) | **Pola Uvigo**<br>Oscar García García – (Decano)<br>José María Pazos Couto -(Director do Departamento)<br>Vicente Romo Pérez- Coordinador da proposta<br>María de los Ángeles Fernández Villarino – Profesora da Facultade<br>Ezequiel Rey Eiras – Profesor da Facultad<br>Olga Garrido Mata (PAS)<br>Isabel Noya Padín (Delegación de estudantes)<br><br>**Pola UdC**<br>Rafael Martín Acero (Decano)<br>Miguel González Valeiro (Secretario)<br>Xurxo Dopico Calvo - (Coordinador da proposta)<br>Eliseo Iglesias Soler - (Profesor da Facultade)<br>Manuel A. Giráldez García - (Profesor da Facultade)<br>Gloria Montero Prado (PAS)<br>Estudante representante na Xunta de Facultade |

Código seguro de Verificación : GEN-d22e-fd4f-a6e9-b60a-2bc6-557b-f6fc-1bee | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

CSV : GEN-d22e-fd4f-a6e9-b60a-2bc6-557b-f6fc-1bee
Url validación : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida
FIRMANTE(1) : OSCAR GARCIA GARCIA | FECHA : 23/11/2022 13:43 | Sin acción específica | Sello de Tiempo: 23/11/2022 13:43

| | |
|---|---|
| | **Actores Sociais.**<br>Henrique Xoán Rodriguez Pantín –( Presidente do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia).<br><br>José Manuel Amado Abelenda – (Presidente do Clúster Gallego da Industria do Deporte e o Benestar). |
| Incluír unha breve aínda que precisa descrición da necesidade, interese e obxectivos do máster e a súa adecuación aos requisitos que figuran artigo 4 do Decreto 222/2011 | O exercicio físico sistematizado, baseado na evidencia científica é aplicado na preparación e a readaptación física por parte das persoas profesionais do deporte que orientan a súa actividade profesional ao asesoramento, planificación, deseño, avaliación técnico-científica, desenvolvemento e execución de actividades físico-deportivas e exercicio físico orientado ao mantemento, desenvolvemento, mellora, optimización e recuperación da condición física e as capacidades coordinativas das persoas, co obxectivo de mellorar a súa calidade de vida e a súa saúde así como previr, reeducar, readaptar e reentrenar a aquelas que tiveran lesións e patoloxías (diagnosticadas e/ou prescritas por un médico), mediante actividades físico-deportivas e exercicios físicos adecuados ás súas características e necesidades.<br>Diversas leis que regulan as profesións do deporte contemplan a figura do preparador/a físico e do readaptador/a fisico-deportivo, polo tanto cómpre implementar este máster interuniversitario de 60 ECTS que especialice aos graduados/as en Ciencias da Actividade Física e do Deporte nestas dúas figuras profesionais.<br>A proposta do Máster Universitario en Ciencia do Exercicio, Preparación Física e Readaptación Deportiva cumple con tódos os requisitos que figuran no artigo 4 do Decreto 222/2011 polas seguinte razóns:<br>A realidade actual é que parte do noso estudantado, do Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, tanto da UdC como da Uvigo, para especializarse, teñen que cursar másteres noutras universidades fora de Galicia. Non existe ningún máster no que podan especializarse, e obter estás competencias, no Sistema Universitario de Galicia.<br>A práctica da actividade física e exercicio físico por parte da poboación tivo un enorme crecemento nos últimos anos e as previsións é que continúe incrementándose. Esto se reflicte nos plans de construción de instalacións e equipamentos deportivos, tanto públicos como privados en Galicia, para atender esta demanda crecente cómpre especializar aos nosos egresados/as. Este máster é esencial e estratéxico para dar resposta as necesidades formativas dos egresados das dúas facultades, así como a estudantes de fora de Galicia. |

Código seguro de Verificación : GEN-d22e-fd4f-a6e9-b60a-2bc6-557b-f6fc-1bee | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

**CSV : GEN-d22e-fd4f-a6e9-b60a-2bc6-557b-f6fc-1bee**
**Url validación : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida**
**FIRMANTE(1) : OSCAR GARCIA GARCIA | FECHA : 23/11/2022 13:43 | Sin acción específica | Sello de Tiempo: 23/11/2022 13:43**

Declaración de interese para NOVOS títulos de MÁSTER que se implanten no curso 2024/2025

| | |
|---|---|
| | A Universidade de Vigo e a Universidade de A Coruña teñen recursos suficientes para desenvolver este máster.<br>Este máster potenciará o desenvolvemento profesional nas areas emerxentes da preparación física e a readaptación deportiva.<br>A figura profesional do Readactador Físico Deportivo naceu en Galicia. Profesorado e estudantado do INEF foron os primeiros en desenvolver esta profesión nun club da máxima categoría. Na actualidade esta profesión está consolidada nas entidades deportivas do máximo nivel internacional.<br>Asímosmo as empresas de xestión deportivas máis importantes en España, naceron en Galicia, da mán de estudantado emprendedor que no seu día cursou estudios de Licenciatura en Educación Física no antigo INEF.<br>Tendo en conta o anteriormente dito, figura como membro da comisión redactora o Presidente do Clúster Gallego da Industria do Deporte e o Benestar, fundador de empresas deportivas como Serviocio que é un referente en España, para que aporte ese espírito de emprendemento que debe ter este máster.<br>Asemade tamén forma parte do equipo redactor o Presidente do Colexio que é coñecedor da realidade profesional.<br>Este máster ten en conta cuestións de oportunidade, innovación docente e investigadora así como a súa incardinación en redes internacionais de calidade e coherencia cos plans estratéxicos das universidades.<br>Na memoria de este máster se incluirá unha descrición dos mecanismos que permitan, de ser o caso, unha revisión da titulación de se produciren cambios significativos na demanda por parte da sociedade, dos/as estudantes e do ámbito económico e profesional, co obxectivo que se adapte a realidade social e profesional de cada momento. Esto é de vital importancia, posto que as competencias teñen que irse adaptando a unha realidade cambiante.<br>Este máster non ten duplicidade, e non coincide con obxectivos e contidos doutros títulos oficiais existentes na mesma universidade, a fin evitar a multiplicidade de títulos. Entenderase que existe duplicidade cando haxa unha coincidencia de materias impartidas superior ao cincuenta por cento dos seus créditos. A razón que xustifica esto é que é o primeiro máster que se oferta en Galicia destas características.<br>O máster que se propón, xustifica o seu encaixe no Campus CREA (Campus de Pontevedra) dada a especialización na preparación física, o exercicio físico e a readaptación, sobre todo tendo en conta o incremento da demanda de actividades físico-deportivas que ten a sociedade galega, e tamén é singular no Sistema Universitario de Galicia. |

- A data límite para enviar a declaración de interese sobre novas propostas de Máster que se pretendan implantar no curso 2024/2025 é **o 25 de novembro de 2022.**
- Enviar a verifica@uvigo.es

Código seguro de Verificación : GEN-d22e-fd4f-a6e9-b60a-2bc6-557b-f6fc-1bee | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida

**CSV : GEN-d22e-fd4f-a6e9-b60a-2bc6-557b-f6fc-1bee**
**Url validación : https://portafirmas.redsara.es/pf/valida**
**FIRMANTE(1) : OSCAR GARCIA GARCIA | FECHA : 23/11/2022 13:43 | Sin acción específica | Sello de Tiempo: 23/11/2022 13:43**